



UN CENTENAR DE MOZOS E MOZAS INFÓRMANSE SOBRE COMO REALIZAR A SÚA FORMACIÓN COMO RESIDENTES NA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- *Preto dun centenar de futuras e futuros residentes achegáronse ao Hospital Álvaro Cunqueiro á 6ª Xornada de Portas Abertas*
- *O Xerente da Área Sanitaria, o Dr. Francisco Javier Puente Prieto, deulles a benvida e convidoulles a desenvolver esta residencia nas diferentes opcións existentes na estrutura organizativa da Área Sanitaria de Vigo*

Vigo, 27 de marzo de 2024.- Preto de 100 persoas acudiron á convocatoria realizada pola comisión de Docencia da Área Sanitaria de Vigo á Xornada de Portas Abertas realizada na mañá de hoxe no Hospital Álvaro Cunqueiro, co fin de que as futuras e futuros residentes que desexen desenvolver a súa actividade en centros desta Área Sanitaria obteñan unha maior información previa a súa elección de praza e resolver calquera dúbida que puideran ter ao respecto.

Nesta actividade formativa, amósaselles as actividades máis destacadas que poden desenvolver ás e aos futuros residentes dentro da súa especialidade, así como os programas formativos, a supervisión e a titorización que poderán realizar nas diferentes unidades da Área Sanitaria de Vigo, composta polo Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital Meixoeiro e Hospital Nicolás Peña), os 45 centros de saúde, os 8 consultorios e os 10 Puntos de Atención Continuada que a conforman.



133 prazas de residentes para o próximo curso

A xornada comezou coa benvida do xerente da Área Sanitaria de Vigo, o Dr. Francisco Javier Puente Prieto, que explicou o contido da xornada e animou a cada unha das persoas que



acudiron a este encontro a ocupar “unha das 133 prazas de residentes previstas para o próximo curso na Área Sanitaria”.

Tras a súa intervención, comezou a parte informativa da xornada a cargo da Dra. María Victoria Martín Miguel, xefa de Estudos na Unidade Docente de Medicina Familiar e Comunitaria de Vigo que expuxo o contido da formación dos e das residentes en Atención Primaria.

Posteriormente, a Dra. Mónica Martínez Fernández e o Dr. Carlos Spuch Calvar, do equipo científico do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur, falaron da compatibilidade de desenvolver labores de investigación e científicos na Área Sanitaria de Vigo no IISGS, no período de residencia, así como as posibilidades de compatibilizar o traballo para facer unha tese doutoral neste mesmo espazo de tempo.

Finalmente, o Dr. Eduardo Murias Taboada, presidente da Comisión de Docencia, expuxo con maior detalle en que vai a consistir a súa formación como residentes. Neste espazo, participaron tamén residentes actuais que comentaron o tipo de traballo e a súa experiencia persoal á hora de desenvolver a súa residencia en diferentes servizos médicos por especialidades e servizos.

Visitas guiadas

Ao finalizar esta parte mais teórica, as persoas que se achegaron para informarse das posibilidades do desenvolvemento da súa residencia na Área sanitaria de Vigo percorreron, acompañados por persoal que está realizando a súa residencia actualmente no Hospital Álvaro Cunqueiro, diferentes servizos por especialidades, co fin de comprobar de primeira man onde e como desenvolverían a súa residencia.